



Anuncio (EDD-11/2005).

O Pleno do concello, na sesión que realizou o 3 de abril de 2006, acordou:

«Primeiro.-Aprobar definitivamente o estudo de detalle para a ordenación de volumes e axustamento das rasantes interiores da parcela privada, sita na avenida de Xeneral Sanxurxo nº 154-156-158, de acordo coa sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso, Sección Segunda, nº 463/2003, do 15 de maio de 2003, promovido por Carlos Paillet López, en representación de *Cinur Consultores Urbanísticos e Inmobiliarios, S.L.*, segundo a documentación presentada no rexistro municipal o 17 de marzo de 2006.

Segundo.-Ordenar o cumprimento dos trámites administrativos recollidos nos artigos 92.2º e 92.3º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, para procurar a entrada en vigor do estudo de detalle.

Terceiro.-Notificarlle o acordo de aprobación definitiva ao promotor do estudo de detalle, requiríndolle a presentación no rexistro municipal no prazo máximo de dez días de dous exemplares máis do estudo de detalle do que se propón a aprobación ao Pleno Municipal.

Cuarto.-Ordenar a dilixencia co selo correspondente dos tres exemplares presentados polo promotor o 17 de marzo de 2006».

Este acordo pon fin á vía administrativa, polo que se pode interpor contra el recurso contencioso-administrativo perante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que se practique a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* ou no BOP, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, ou a súa notificación no caso do promotor, sen prexuízio de calquera outro que se estime pertinente.

A documentación exixida polo artigo 92.3º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, tivo entrada na Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, para os efectos da entrada en vigor do estudo de detalle, o 19 de maio de 2006.

A Coruña, 22 de maio de 2006.

Alfredo Cerezales Fernández
Director da Área de Urbanismo
e Rehabilitación

**CONCELLO DE FOLGOSO
DO COUREL**

Anuncio.

A Corporación Municipal do Concello de Folgoso do Courel, Lugo, na sesión plenaria ordinaria do 27 de abril de 2006, aprobou o prego de cláusulas

económico-administrativas particulares e o de prescricións técnicas para a adxudicación por concurso, mediante procedemento aberto, da subministración dun camión para a recollida de residuos sólidos urbanos, que se somente ao trámite de información pública polo prazo de oito días hábiles que se contarán a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP de Lugo e no *Diario Oficial de Galicia*. O prazo computarase a partir do último dos anuncios.

Ao mesmo tempo anúnciase a licitación do dito contrato segundo o seguinte detalle:

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Concello de Folgoso do Courel, Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.

c) Número de expediente: 01/2006.

2. Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: subministración dun camión para o servizo de recollida de residuos sólidos.

b) número de unidades que hai que entregar: unha.

c) División por lotes e número: un único lote.

d) Lugar de entrega: praza do Concello de Folgoso do Courel, Lugo.

e) Prazo de entrega: tres meses máximo seguintes á formalización do contrato.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso.

4. Orzamento base de licitación. Importe total: cento dezanove mil cincocentos euros (119.500 €), IVE e demais gastos por conta do contratista establecidos no prego incluídos.

5. Garantías: provisional: 2% do orzamento de licitación. Definitiva: 4% do orzamento de adxudicación.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Folgoso do Courel, rúa Deputación s/n 27325, Folgoso do Courel, Lugo.

b) Teléfono e fax: 982 43 30 01/982 43 30 52.

c) Data límite de obtención de documentos e información: a de presentación de proposicións.

7. Requisitos específicos do contratista: solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional: as establecidas no prego.

8. Presentación das ofertas.

a) Data límite de presentación: quince (15) días naturais a partir do día seguinte ao da última das publicacións deste anuncio no BOP de Lugo e no